



Poucas cousas hai máis determinantes na vida dunha persoa que a súa orientación sexual. Non se trata unicamente dos afectos, senón da propia integración e aceptación de quen se é.

Nos últimos tempos está a haber moito balbordo a este respecto. E non axudan, en absoluto, as posicións apresuradas que ou ben despachan rapidamente o asunto cun peche completo a calquera tipo de revisión ou ben aceptan todos os cambios que se propoñen sen ningún tipo de crítica nin avaliación. Igual que está de moda o progresismo lixeiro e superficial, tamén o está o conservadorismo reaccionario. E no medio desta absurda confrontación sempre sae perdendo a busca sincera e equilibrada da verdade e do ben. Sobre todo do ben das persoas maiormente afectadas.

Hai un criterio infalible que funciona moi ben cando se trata de orientarse en tempos de incerteza acerca de temas controvertidos: a escoita directa de testemuños, vivencias e reflexións de persoas implicadas na súa propia biografía no asunto que se quere comprender mellor. E non porque esas persoas teñan, a priori, a verdade da súa parte unicamente por estar implicadas de forma vital, senón porque ao estar existencialmente concernidas, mesmo se erran, poñen en xogo, na súa achega, o máis auténtico e xenuíno do seu propio ser. Xa só por iso merecen ser escoitadas e acollidas con atención e respecto. Insisto, mesmo cando un discrepa do que sosteñen. E isto porque a súa escoita é quen de facer pensar dun novo xeito atendendo a aspectos que, se cadra, eran invisibles ata ese momento.

Encrucillada foxe do tópico e da banalidade. Quere ofrecer pensamento fondo, testemuño honrado e vivencia aberta e sincera. Por iso publicamos neste número estudos esclarecedores e interpelantes coma os de Enric Vila, Miguel Vieito e Fernando Vidal.

O primeiro é unha chamada ao Sínodo actualmente en desenvolvemento para que recoñezan, valoren e integren plenamente ás persoas LGTBIQ+. O de Miguel Vieito é unha análise dos acertos e dos defectos da nova Lei Trans-. E o de Fernando Vidal consiste en repensar a sexualidade humana aberta á transcendencia, supe-

rando as estreiteces da moral tradicional, co Cantar dos Cantares e as ciencias humanas para redescubrila como forza de vinculación e non como mera función reprodutora.

Luísa Abad ofrece unha cumprida presentación do ensaio de Chris Oliveira e Amada Traba, *Ámame*, Galaxia, 2018, incidindo no feminismo, na diversidade e, sobre todo, na importancia dunha educación sexual que libere dos ditados redutores e violentos da pornografía.

Victoria Rodríguez Roldán colabora cun testemuño sumamente persoal sobre a cuestión da condición transexual. Reflexións e vivencias, sentimentos e propostas anóanse nun texto no que se esbozan cara o final, no contexto xeral de discusión da lei trans, unhas liñas de pensamento teolóxico.

Elena Olaortua preséntanos a iniciativa acolledora e integradora que, en Bilbao, está levando a cabo a asociación Aldarte e, dentro dela, Betania LGTBI+, o grupo cristián dese movemento. Ogallá se estenda o exemplo.

Con fondo pesar publicamos dous textos en memoria da teóloga Pilar Pena Búa e do profesor Carlos García Cortés. Benito Méndez asina a lembranza da experta en Melanchton. Andrés García Vila-riño o do fundador de *Lumieira*.

Cunha recensión de Pepa Torres, unha rolda de Igrexa de Manolo Regal, ateigada de acontecementos relevantes, unha equilibrada reflexión e moitos azos para seguir adiante, xunto cos debuxos de Soedade Pite, pechamos este penúltimo número do ano 2023, xusto antes do XXXVII Foro sobre o traballo digno.

Pedro Castelao